



POLA DEMOCRACIA, A LIBERDADE E A CONVIVENCIA
ATUREM O COP
19 DE MARZO DE 2017. 12:00 HORAS
PRAZA DE URQUINAONA

O proceso secesionista está danando gravemente a convivencia, a democracia e as nosas liberdades. Os independentistas pretenden que o Parlamento de Cataluña, o Goberno da Generalitat, os concellos, as deputacións e o resto de institucións que controlan se aparten da legalidade para convertelas en instrumentos dos seus propósitos ilegais e ilexítimos.

Non soamente desobedecen a lei, senón tamén aos xuíces. Pretenden estar por encima de límites e de controis. Con arrogancia e irresponsabilidade declaran que non cumprirán a lei nin se someterán aos tribunais; que impondrán a súa vontade sobre Cataluña e os cataláns e derrogarán a Constitución para unilateralmente romper o Estado de Dereito. Fixeron públicos os seus propósitos. Agora sabemos que intentan enganar o Estado, apropiarse dos nosos datos persoais para esixirnos o pagamento de impostos e, ademais, que están elaborando listaxes de afectos e desafectos para purgar a funcionarios, para decidir quen se podería quedar e quen se tería que marchar do seu “Novo Estado”.

É hora de dicir basta. Os cidadáns cataláns fomos moi pacientes permitindo que os nacionalistas se apropiasen das nosas institucións, substituísen as bandeiras que nos representan a todos (a bandeira española, a senyera e a bandeira europea por bandeiras esteladas; vimos como desobedecían as ordes dos tribunais e acosaban a quen pedía o cumprimento das sentenzas; asistimos impotentes á malversación dos recursos que son de todos para dedicalos a fomentar a separación, a crebar a convivencia, a enfrontárense os cataláns entre si e co conxunto dos españois.

É hora de poñer fin a isto. É necesario recuperar o Estado de Dereito para Cataluña, é preciso que as administracións respecten a legalidade, que asuman os símbolos que son de todos, que non actúen fóra do marco das súas competencias, que cesen nas actividades dirixidas a preparar a secesión e que garantan que os dereitos de todos os cataláns están protexidos.

Non podemos tolerar que se fagan listaxes, que se nos fiche, que se nos devolva ao peor dos réximes autoritarios.

Todos somos responsables nesta tarefa de recuperación da democracia. Témoslles que esixir aos políticos nacionalistas que volvan á senda da legalidade. Témoslles que esixir a cargos públicos e a institucións que actúen para evitar as ilegalidades que xa foron confesadas. Habemos de acudir aos tribunais se é preciso.

Pero tamén temos que acudir á rúa. Temos que mostrar publicamente o noso rexeitamento ao golpe á democracia que xa se nos está anunciando e, á vez, temos que facer patente que quen aquí hoxe reclamamos o respecto dos nosos dereitos sempre teremos a man estendida para recuperar a convivencia entre todos os cataláns.



Conseguimos ser unha sociedade democrática e libre e agora toca volver loitar para non perder esas liberdades. Quen pretenden utilizar o poder público para desafiar as normas de convivencia, quen nega o dereito de todos a ver recoñecidos os seus dereitos, quen actúa á marxe da lei para controlar aos cidadáns, quen fomenta a confrontación e busca a separación é quen hoxe ameaza a nosa convivencia.

Recuperemos as nosas institucións, recuperemos a nosa democracia, recuperemos a nosa liberdade e fagamos máis estreita a convivencia.

Para todo isto acompañanos o próximo 19 de marzo.

Demostremos que aínda somos unha sociedade libre.

SOCIETAT CIVIL CATALANA

Còrsega, 270

08008 Barcelona

T+34 936 243 237

internacional@societatcivilcatalana.cat

www.societatcivilcatalana.cat

